Concello de Arzúa

BASES DA CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN TEMPORAL, MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN, DO POSTO DE TRABALLO DE PROFESOR DO CONSERVATORIO PROFESIONAL E DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE ARZÚA

1. BASE PRIMEIRA: Normas xerais

1.1. Obxecto da convocatoria

O obxecto da presente convocatoria é a selección de varios/as profesores/as de música, a través do sistema de oposición, para realizar a función da docencia musical dentro do Conservatorio Profesional de Música de Arzúa e da Escola Municipal de Música de Arzúa.

1.2. Contratación

A contratación realizarase na modalidade de "contrato por obra e servizo determinado" e a súa duración estenderase ao curso lectivo 2015-2016, sendo de aplicación aos aspirantes que resulten nomeados as previsións que establece a Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público e a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia no que lles resulten aplicables); e o Convenio Colectivo de traballo do persoal laboral ao servizo do Concello de Arzúa (BOP núm.228 do 27 de novembro de 2014) en todo aquelo que sexa compatible coa natureza da súa relación de emprego.

Os profesores serán contratados con carácter temporal, a tempo parcial. A distribución da xornada e horarios realizaranse en función das necesidades do servizo, segundo a programación do CMUS e ESMU de Arzúa, respectando os máximos legais permitidos.

O salario será de 15 € brutos por hora de traballo, incluído o prorrateo de pagas extras.

A realización de horas complementarias rexerase polo disposto no artigo 1.5 do Decreto-lei 6/2013, de 20 de decembro, de medidas para favorecer a contratación estable e mellorar a empregabilidade dos traballadores; mediante a formalización dun pacto por escrito que se acordará con posterioridade á celebración do contrato de traballo.

1.3. Postos convocados

Convócanse probas selectivas para cubrir 8 postos segundo as especialidades que a seguir se indican:

- 1 profesor/a de guitarra.
- 1 profesor/a de percusión.
- 1 profesor/a de piano.
- 1 profesor/a de tuba/trombón.
- 1 profesor/a de trompa/trompeta
- 1 profesor/a de contrabaixo/violonchelo
- 1 profesor/a de violín/viola
- 1 profesor/a de canto

1.4. Funcións

Os profesores que resulten seleccionados asumirán a función de impartir as clases no horario establecido polo centro de traballo de acordo co programa ofertado polo CMUS e ESMU de Arzúa. Ademais desenvolverán, entre outras, as seguintes funcións:

a) Impartir de forma axeitada, responsable e puntualmente as clases asignadas, así como preparar, administrar e corrixir os exercicios e material realizados para o desenvolvemento das clases e da avaliación dos seus alumnos.
b) Elaborar as programacións didácticas por niveis e materias.
c) Desenvolver a programación didáctica cos criterios establecidos pola área a que pertenza, tendo en conta a súa adaptación ás peculiaridades de cada alumno.
d) Realizar unha avaliación continua dos alumnos de acordo cos criterios fixados nas programacións didácticas.
e) Elaborar ao final de cada curso unha memoria conforme ao solicitado polo Director do Centro.
f) Comprobar a asistencia dos alumnos á clase e informar de calquera tipo de ausencia ao equipo directivo; así como a intención ou vontade do alumno de causar baixa ou modificación de calquera aspecto da matrícula.
g) Informar aos pais e orientar aos alumnos sobre a súa marcha e posibilidades académicas e profesionais.
h) Tratar con respecto e consideración aos pais, alumnos e persoal non docente.
i) Calquera outra función que lle sexa encomendada polo equipo directivo do Centro (optimización de recursos, impartir clases de orquestra, coro, linguaxe musical, etc... cando o aspirante reúna os requisitos estipulados).

1.5. Normativa aplicable

O proceso selectivo regularase polo previsto nas presentes bases e no non previsto nelas, ou en aquelo que as contradiga, será de aplicación o establecido nas seguintes disposicións:

- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia;
- Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (en sucesivas citas EBEP);
- Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia;
- Lei 30/84, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública (naquelas disposicións aínda vixentes e que sexan básicas);
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local;
- Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 13 de xuño (naquelas disposición básicas);
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia;
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local
- Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro; e demais disposicións de aplicación xeral.

1.6. Publicidade

O anuncio da convocatoria publicarase no Diario Oficial de Galicia, no periódico "el Correo Gallego" e no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello. As bases de selección publicaranse no Boletín Oficial da Provincia.

O resto de anuncios relativos a este procedemento selectivo difundiranse mediante a súa publicación no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello.

1.7. Lugar de realización das probas

O desenvolvemento do proceso de selección terá lugar nas dependencias do Concello de Arzúa, nos lugares, datas e horas que se irán anunciando sucesivamente no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello.

2. BASE SEGUNDA: Requisitos que deben reunir os aspirantes

Para ser admitido no procedemento selectivo convocado, os aspirantes deberá reunir os seguintes requisitos:

2.1. Requisitos xerais

2.1.1 Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do EBEP.

2.1.2 Ter cumpridos dezaseis anos e non ter alcanzado a idade establecida, con carácter xeral, para a xubilación.

2.1.3 Estar en posesión ou reunir as condicións para a expedición dalgún dos seguintes títulos:

- Título de profesor superior ou título de profesor do Plan 66 que regula o Decreto 2618/1966, do 10 de setembro, polo que se aproba o regulamento xeral dos conservatorios de música.
- Título superior de música regulado pola Ley Orgánica 1/1990, de 3 de octubre, de Ordenación General del Sistema Educativo.
- Título superior de música regulado pola Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación.

No caso de que estes títulos se obtivesen no estranxeiro, deberá terse concedida a correspondente credencial de homologación, segundo o Real Decreto 285/2004, do 20 de febreiro (BOE do 4 de marzo), ou o seu recoñecemento ao amparo do establecido pola Directiva 89/48/CEE, do Consello das Comunidades Europeas, do 21 de decembro de 1988.

2.1.4 Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das funcións correspondentes á especialidade a que se opta.

2.1.5 Non ter sido separado mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das administracións públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas. Os aspirantes cunha nacionalidade que non sexa a española, deberán acreditar, igualmente, non estar sometidos a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.

2.1.6 Non incorrer en causa de incompatibilidade ou de incapacidade conforme á normativa vixente.

2.2. Prazo en que deben reunirse os requisitos

Todas as condicións e requisitos relacionados nesta base deberán posuírse o día en que remate o prazo de presentación de solicitudes e manterse hasta o momento do nomeamento como profesor/a do conservatorio.

3. BASE TERCEIRA: Presentación de instancias

3.1. Solicitudes

A solicitude para participar nas probas selectivas deberá efectuarse cumprimentando a instancia conforme o **ANEXO I** destas bases, que se presentará nalgún dos lugares previstos no apartado 3.2 desta convocatoria. A instancia deberá ir acompañada dun curriculum vitae do/a aspirante e de orixinal ou fotocopia compulsada da seguinte documentación:

- documento nacional de identidade

- titulación esixida conforme ao disposto na base segunda, apartado 2.1.C), ou certificación académica de ter rematado os estudos para a obtención do título correspondente, xunto coa fotocopia compulsada do recibo acreditativo conforme se efectuou o pagamento correspondente dos dereitos de expedición

  No caso das titulacións obtidas no estranxeiro, deberá presentarse credencial da súa homologación ou ben a credencial de recoñecemento da titulación para exercer a profesión de mestre

Ademais, os aspirantes terán que axuntar á súa instancia unha UNIDADE DIDÁCTICA **cunha extensión non superior a 10 páxinas (excluíndo a portada, anexos sen límite), en letra arial 12, a dobre espazo.**

Nas especialidades de: tuba/trombón, trompa/trompeta, contrabaixo/violonchelo e violín/viola, os aspirantes presentarán unha única unidade didáctica, elixida libremente entre as dúas especialidades de que se trate.

Non poderá presentarse máis dunha solicitude de participación, salvo que se opte por máis dunha especialidade, en cuxo caso presentaranse tantas unidades didácticas como especialidades, tendo en conta o disposto no parágrafo anterior.

3.2. Lugar de presentación das solicitudes

As solicitudes dirixiranse ao Alcalde do Concello de Arzúa e presentaranse:

- No Rexistro Xeral do Concello de Arzúa.
- En calquera dos lugares previstos no artigo 38.4º.b), c), d) ou e) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, de acordo coas condicións establecidas no citado precepto. Nestes casos deberán remitir unha copia da solicitude, unha vez selada, mediante fax (981 500 914) dirixida ao Alcalde-Presidente do Concello de Arzúa, en calquera momento antes de expirar o prazo de presentación de solicitudes. No caso de que optase por presentar a solicitude ante una oficina de correos, farano en sobre aberto, para que a instancia sexa datada e selada polo funcionario de correos antes de ser certificada.

3.3. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días naturais a contar dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia.

4. BASE CUARTA: Admisión de aspirantes

4.1. Lista provisoria de aspirantes admitidos/as e excluídos/as

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, publicarase por resolución da Alcaldía no Taboleiro de Anuncios do Concello a lista provisoria de admitidos e excluídos. Nesta lista

aparecerán, nome, apelidos, número do documento nacional de identidade e especialidade pola que concorren os aspirantes.

No caso de haber aspirantes excluídos provisionalmente, especificarase a causa da súa exclusión, concedéndoselles un prazo de tres días hábiles dende o seguinte ao da publicación no Taboleiro para subsanar os erros ou defectos que houbera.

4.2. Lista definitiva do persoal admitido e excluído

A resolución pola que se aproba lista provisoria de admitidos/as e excluídos/as será definitiva no caso de non haber excluídos/as.

No caso de habelos, elaborarase posteriormente unha nova lista cos/as candidatos/as definitivamente admitidos/as e excluídos/as, segundo o resultado das subsanacións a que se refire o apartado anterior, que será igualmente exposta no Taboleiro de Anuncios.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos nesta convocatoria. Cando da documentación que deba presentarse no caso de resultar seleccionados se desprenda que non posúen algún deles, os interesados decaerán en todos os dereitos que puidesen derivar da súa participación neste procedemento.

A lista definitiva indicará a composición do tribunal de selección; así como o lugar, data e hora para a realización da proba teórica.

5. BASE QUINTA: Órganos de selección

5.1. Composición do tribunal

O tribunal estará composto por un presidente, tres vocais e un secretario, que serán designados por Resolución da Alcaldía, de acordo co disposto no artigo 60 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A súa composición axustarase os principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase á paridade entre homes e mulleres.

Deberán posuír titulación igual ou superior á esixida aos aspirantes como requisito para participar na convocatoria, e non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, debendo estar presentes o/a Presidente/a e o Secretario/a en todo caso.

O Tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas, que colaborarán co órgano de selección unicamente no exercicio das súas especialidades técnicas, tendo voz pero non voto.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando neles concorran circunstancias das previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. Os/as aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando se deran calquera das citadas circunstancias.

5.2. Constitución do tribunal

O tribunal non se poderá constituír nin actuar sen a asistencia de mais da metade dos seus membros, sendo en todo caso necesaria a presencia do Presidente e do Secretario.

O tribunal acordará todas as decisións que lle correspondan para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo. A súa actuación axustarase ao establecido nas presentes bases e na normativa aplicable á formación da vontade dos órganos colexiados, tanto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, como nas demais normas que resulten de aplicación.

5.3. Funcións do tribunal

O tribunal actuará con plena autonomía funcional e será responsable da obxectividade do procedemento, garantindo o cumprimento das bases da convocatoria.

O tribunal terá as seguintes funcións:

- A cualificación dos exercicios que constitúen o procedemento de selección.
- A toma de acordos para solventar todas aquelas cuestións que puideran xurdir e non foran contempladas expresamente nas bases da convocatoria.
- A resolución das posibles reclamacións contra o desenvolvemento do procedemento selectivo e os resultados da oposición.

6. BASE SEXTA: Proceso selectivo

6.1. Sistema de selección

A selección dos aspirantes realizarase a través do sistema de oposición.

6.2. Fases do proceso de selección

6.2.1. Proba teórica: de carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá na exposición e defensa ante o tribunal da unidade didáctica presentada por cada un dos/as aspirantes. Para a súa realización seguirase a orde de entrada das solicitudes dos/as aspirantes no Rexistro Xeral do Concello.

Os aspirantes deberán presentarse para a realización do exercicio provistos do DNI ou dun documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do Tribunal; e disporán dun tempo máximo de 15 minutos para a súa exposición, aos que se engadirán os que sexan necesarios para responder ás preguntas ás que se refire o parágrafo seguinte.

O tribunal realizará aos opositores preguntas de carácter técnico sobre a unidade didáctica (ben para resolver calquera dúbida que lle poda xurdir en relación coa súa exposición, ben para comprobar os coñecementos do aspirante sobre a mesma); ou sobre os seus coñecementos sobre didáctica da música.

A proba teórica será valorada cunha puntuación máxima de 10 puntos, atendendo aos seguintes criterios:

- contido da unidade didáctica, ata 5 puntos
- exposición e respostas ás preguntas do tribunal, ata 5 puntos

As cualificacións efectuaranse sumando as puntuacións outorgadas por cada membro do Tribunal con dereito a voto e dividindo o total de puntos entre o número de membros do Tribunal con dereito a voto.

Para superar a proba teórica será necesario acadar un mínimo de 5 puntos.

As puntuacións faranse públicas no Taboleiro de Anuncios do Concello unha vez rematada a realización da proba teórica, concretando o lugar, día e hora para a realización da proba práctica dos/as aspirantes que superasen a puntuación mínima de 5 puntos establecida para a proba teórica.

6.2.2. Proba práctica: de carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá na interpretación dunha obra musical de libre elección. Para a súa realización seguirase a orde alfabética dos apelidos dos/as aspirantes interesados/as que superasen a proba teórica.

Os aspirantes deberán presentarse para a realización do exercicio provistos do DNI ou dun documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do Tribunal; e deberán de entregar ao tribunal unha fotocopia da partitura no momento anterior á súa interpretación, que terá unha duración máxima de 5 minutos.

O exercicio será valorado cunha puntuación máxima de 5 puntos.

As cualificacións efectuaranse sumando as puntuacións outorgadas por cada membro do Tribunal con dereito a voto e dividindo o total de puntos entre o número de membros do Tribunal con dereito a voto.

Para superar a proba práctica será necesario acadar un mínimo de 2,5 puntos.

As puntuacións faranse públicas no Taboleiro de Anuncios do Concello unha vez rematada a realización da proba teórica, concretando o lugar, día e hora para a realización da proba de galego (no seu caso) polos/as aspirantes que superasen a puntuación mínima de 2,5 puntos establecida para a proba práctica.

6.2.3 Proba de galego: De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na traducción directa do castelán ao galego dun texto proposto polo Tribunal durante un tempo máximo de 30 minutos e sen axuda do diccionario.

A valoración desta proba realizarase por funcionario/a de carreira, designado/a ao efecto por Resolución de Alcaldía, de entre as seguintes titulacións:

- Diplomado/a en maxisterio, especialidade en lingua galega

- Licenciado/a en filoloxía galega, ou

- Grado en lingua e literatura galegas

O exercicio cualificarase como "apto" ou "non apto". Para superar a proba de galego será necesario opter a cualificación de "apto".

Quedan eximidos da realización deste exercicio aqueles aspirantes que acrediten posuír, antes da finalización do prazo de presentación de instancias o CELGA 4 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo co disposto na ORDEN de 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orden de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga), publicada no DOG nº 34, de 19 de febreiro de 2014.

6.3. Cualificación final

A cualificación final do proceso de selección virá determinada pola suma da puntuación correspondente ás probas teórica e práctica.

Aos efectos da súa notificación colectiva publicarase un Anuncio no Taboleiro, indicando a puntuación obtida por cada un dos/as aspirantes en cada unha das probas, a suma das mesmas, e a cualificación correspondente ao exercicio de galego.

O Tribunal cualificador proporá ao Alcalde a contratación do/a aspirante que obtivera a maior puntuación segundo a especialidade de que se trate, sempre e cando obtivese a cualificación de "apto" na proba de galego; sen que poidan ser propostos mais aspirantes que os correspondentes aos postos de traballo que se pretender contratar; e sen prexuízo de trasladar a proposta de contratación en favor do seguinte ou seguintes aspirantes pola orde de puntuación, para o suposto de que o primeiro (ou seguintes) non puideran acreditar os requisitos necesarios para ser contratados, ou renunciasen a tal contratación.

No caso de quedar deserto o proceso selectivo respecto dalgunha ou algunhas das especialidades por non superar ningún aspirante as probas ou por non presentarse ningún a esta, o alcalde queda autorizado a convocalo novamente respecto das mesmas cantas veces fose necesario, de conformidade coas presentes bases.

6.4. Resolución de posibles empates na puntuación final

No caso de empate, os aspirantes empatados terán que realizar unha entrevista para desempatar. Para a realización desta entrevista, os aspirantes serán convocados polo tribunal na data, lugar e hora indicada no Taboleiro de Anuncios do Concello, xunto cos resultados da cualificación final.

O tribunal convocará aos aspirantes en chamamento único, sendo excluídos quenes non comparezan, salvo casos debidamente xustificados e libremente apreciados polo tribunal cualificador.

Seguirase coma orde de actuación dos aspirantes o da presentación das súas respectivas instancias no Rexistro Xeral do Concello de Arzúa.

A entrevista versará sobre o curriculum vitae do aspirante e a adecuación e coñecementos do mesmo en relación co posto de traballo. O Tribunal poderá formular aos aspirantes as preguntas que considere oportunas.

A entrevista será valorada de 1 a 5 puntos, e o aspirante que obteña máis puntuación será proposto para ocupar o posto de traballo.

6.5. Devolución da documentación

Os aspirantes que presenten documentación oficial orixinal, poderán solicitar no Concello a súa devolución unha vez rematado o procedemento selectivo. A documentación presentada en fotocopias compulsadas non será devolta en ningún caso aos aspirantes.

7. BASE SÉTIMA: Lista de aspirantes aprobados/as

Todas as persoas que superen o proceso selectivo e non resulten contratadas serán incluídas nunha lista de aspirantes aprobados/as, ordenadas segundo a maior puntuación obtida, para contratacións que poidan resultar necesarias a fin de cubrir posibles vacantes ou baixas que se produzan durante o curso lectivo 2015-2016.

No suposto de que o primeiro candidato seleccionado segundo a orde de puntuación non puidera ser contratado, será chamado o seguinte en orde decrecente de puntuación, e así sucesivamente.

En todo caso, antes de comezar a prestación de servizos, deberán de achegar ao Departamento de Secretaría, no prazo de 3 días contados dende o seguinte ao da recepción do respectivo chamamento, a documentación contida na base oitava respecto da formalización do contrato.

A vixencia da lista non excederá en ningún caso da duración prevista para o curso lectivo 2015-2016.

8. BASE OITAVA: Presentación de documentos

Os aspirantes propostos disporán dun prazo de tres días hábiles -contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio que conteña a proposta de contratación- para achegar os documentos que procedan para que se poida formalizar a súa contratación.

Ditos documentos son:

a) Certificado médico acreditativo de non padecer ningunha enfermidade nin estar afectado por limitación física o psíquica que sexa incompatible co exercicio da docencia.

b) Declaración xurada ou promesa de que non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha Administración pública, e de non estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas, así como de non incorrer en causa de incompatibilidade ou de incapacidade do persoal ao servizo das administracións públicas conforme á normativa vixente. (**ANEXO II**). Os aspirantes que non posúan a nacionalidade española, deberán presentar declaración xurada ou promesa de non estar sometidos a sanción disciplinaria ou condena penal que impida no seu Estado o acceso á función pública.

ANEXO I

MODELO DE SOLICITUDE

D/Dª._____

con D.N.I. _____, de _____ anos de idade, natural de _____, _____, con domicilio habitual na rúa _____, nº _____, da localidade de _____, Provincia _____ C.P. _____Teléfono/s_____

Dirección de correo electrónico_____

EXPÓN:

Que crendo reunir os requisitos que sinalan as bases da convocatoria como profesor para o Conservatorio Profesional de Música e a Escola Municipal de Música de Arzúa

SOLICITA:

Tomar parte nas probas de selección mediante o sistema de oposición para a especialidade instrumental de _____, para o que adxunta a documentación (orixinal ou mediante copia compulsada) sinalada cun X na seguinte relación:

- ❑ D.N.I
- ❑ Curriculum Vitae
- ❑ Unidade didáctica na especialidade instrumental de _____
- ❑ Título/s de:

_____

_____

_____

Manifestando así mesmo, que acepta as condicións e mailos compromisos que figuran nas bases da presente convocatoria.

_____, a _____ de _____ de 201___

Sinatura do solicitante

Alcalde - Presidente do Concello de Arzúa

ANEXO II

MODELO DE DECLARACIÓN

Don/a_____
_____

con DNI_____ e con domicilio habitual na rúa _____decl aro baixo xuramento/promesa, para os efectos de ser nomeado/a profesor/a do Conservatorio Profesional e da Escola Municipal de Música de Arzúa, que non fun separado/a do servizo de ningunha das administracións públicas nin estou inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas; e que non incorro en ningunha causa de incompatibilidade ou de incapacidade conforme á normativa vixente.

_____, _____de _____de 201

Asdo.: _____

Alcalde - Presidente do Concello de Arzúa